

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021 | 17 DE MAIO



“DESARTELLANDO AS PALABRAS”

XELA ARIAS

ÍNDICE

Presentación.....	4
Biografía.....	5
Actividades.....	6
Actividades para Educación Infantil.....	6
Actividades para 1º de Educación Primaria.....	11
Actividades para 2º de Educación Primaria.....	12
Actividades para 3º de Educación Primaria.....	14
Actividades para 4º de Educación Primaria.....	17
Actividades para 5º de Educación Primaria.....	19
Actividades para 6º de Educación Primaria.....	23
Actividades encriptadas.....	26
Bibliografía.....	28
Webgrafía.....	29

PRESENTACIÓN

Xela Arias é a poeta e tradutora galega homenaxeada neste 17 de maio pola súa incansable defensa da nosa lingua e cultura. Camiño que pretendemos seguir nesta guía e nos nosos carteis; achegando, desta maneira, aos máis pequenos e pequenas a esencia da nosa historia e o orgullo de ser galego e galega, na procura, como di un dos seus versos, de “os trazos que nos describan”.

Xela Arias navega polos mares da poesía atopando na fotografía e música augas nas que mergullarse e deixarse levar, “fóra de normas” e límites que a coarten. E así o quixemos vivir nós e o noso alumnado, misturando as verbas coas imaxes e os sons. Eixos todos eles da vivencia da educación. Só a través dos sentidos podemos coñecer e experimentar o mundo que nos rodea.

Xela Arias é a persoa máis famosa no noso centro este curso; fálase dela nas aulas, na sala de mestres e en todos os recunchos. Foi o noso desvelo e a nosa inspiración. Esperamos que este percorrido pola vida e obra da poeta vos remova sentimentos e anhelos, como ela o fixo cos seus versos. Puxemos mente e corazón en cada cartel e actividade que con emoción e desacougo presentamos.

BIOGRAFÍA



Xela Arias Castaño naceu en 1962 en Lugo, iniciando a súa vida nun pobo de Sarria, inscrita como M^a de los Ángeles (naquela época non se podían poñer no Rexistro nomes galegos).

Alí, comezou os seus estudos na Granxa de Barreiros e no colexio de Fingoi (Lugo) ata que se mudou á cidade de Vigo aos sete anos por motivos laborais de seu pai, mestre de oficio, onde cursou ata o Bacharelato.

Filla de Valentín Arias López e Amparo Castaño López, medrou cun arraigado amor pola terra e a lingua galega; o cal, unido ao seu forte carácter independente, reivindicativo e loitador, foi xerme da súa poesía social, sincera e incendiaria.

Persoa polifacética misturou a arte das verbas coa música e a fotografía, dando lugar a obras como **“Tigres coma cabalos”** que xurdiu da colaboración desenfadada e transgresora co seu cónxugue, Xulio Gil.

Destacou especialmente no campo da tradución, no que colleitou diversos premios, vencellada desde os seus inicios a Edicións Xerais onde traballou de oficinista, en creación e investigación, e finalmente como correctora de estilo e editora.

Tras o seu pronto pasamento, no 2003, pouco despois de iniciarse no mundo do maxisterio como profesora de secundaria, publícase **“Xela, quedas en nós”** como unha homenaxe á súa traxectoria coa participación de máis de cincuenta persoas; e **“Poesía reunida”** que recolle e difunde a súa obra poética.





EDUCACIÓN INFANTIL



PICA AS LETRAS QUE PRECISES PARA CONSTRUIR O NOME DA HOMENAXEADA.





X E L A



AGORA ESCRÍBEO TI SOÍÑ@ AQUÍ.




RECORTA A IMAXE POLAS LIÑAS VERMELLAS E COMPÓN O QUEBRACABEZAS



Le o QR e interpreta que dicen estas mans.



PICA, ORDENA AS IMAXES E FAI UN PERCORRIDO POLA VIDA DE XELA.



1	2	3
---	---	---

4	5
---	---

SEGUE A SERIE...

--	--	--	--	--	--	--	--



PRESTA ATENCIÓN E PINTA DE VERDE O NOME POLO QUE A CHAMABAN OS SEUS. PINTA O SEU NOME CASTELÁN DE VERMELLO.

XELA

M^a DE LOS ÁNGELES



UNE OS NOMES GALEGOS CO SEU EQUIVALENTE EN CASTELÁN.

NEVES

ÁNGEL

XOSÉ

NIEVES

ANXO

JOSÉ



E AGORA SIMETRÍAS! A VER COMO DEBUXAS A SÚA OUTRA METADE.





ATA NA SOPA! LOITADORA INCANSABLE, PARTICIPOU EN RECITAIS POLOS AFECTADOS NO PRESTIGE. ATOPA AS SEGUINTE PALABRAS NA SOPA DE LETRAS.



XELA
ARIAS
CHAPAPOTE
NUNCA
MÁIS
PETROLEIRO
PRESTIGE
GALICIA



PINTA ESTE FOLIO COMA SE FOSE O MAR AZUL QUE XELA QUERÍA VER. ÉNCHEO DE VIDA CON MOITOS PEIXES. E MARCA O PERCORRIDO QUE FAI PARA COMPROBAR QUE O DEIXACHES LIMPO E SEN CONTAMINACIÓN ALGUNHA.





1º EDUCACIÓN PRIMARIA



UNHA VIDA A DELA EN GALICIA E PARA GALICIA. COMPLETA COAS VOGAIS O NOME DOS POBOS E CIDADES NOS QUE VIVIU XELA.

S _ R R _ _

L _ G _

V _ G _



ESTE É O MAPA DE GALICIA. IMOS DARLLE ALGO DE COR! COLOREA AS PROVINCIAS DE GALICIA SEGUNDO A LENDA.



CORUÑA



LUGO



OURENSE



PONTEVEDRA

COMO SE CHAMA O TEU POBO OU CIDADE? UBÍCAO NO MAPA CON AXUDA DUN ADULTO.



CANDO CUMPRIU 18 ANOS COMEZOU A TRABALLAR NUNHA EDITORIAL, ALÁ POLO 1980. ORDENA AS LETRAS PARA FORMAR O NOME DA MESMA.

SE C I D I Ó N R A S E X I



2º EDUCACIÓN PRIMARIA



E... FALANDO DE TODO... ALGUÉN SABE QUE TRABALLO SE FAI NUNHA EDITORIAL? CÓNTANOLO!


MENTRAS O PENSAS UNHA ADIVIÑA QUE CHE PODE DAR UNHA PISTA:

ESTES DOUS CONTOS FORON TRADUCIDOS POR XELA ARIAS. RODEA O DE GIANNI RODARI.





PENSA UN POUQUIÑO NA SÚA VIDA E COMPLETA ESTE ENCRUCILLADO.



HORIZONTAIS:

1. Profesión na que cambias textos dunha lingua a outra.
5. Nome da nai.
8. Nome que todos a chamaban desde ben nena.
9. Cidade na que naceu.
10. Cidade na que viviu a maior parte da súa vida.

VERTICAIS:

2. Docente.
3. Nome do pai.
4. Cidade na que viviu na súa infancia máis temperá.
6. Colexio de Lugo no que estudou depois da Granxa de Barreiros.
7. Artista que fai poesía.



3º EDUCACIÓN PRIMARIA



E... COMO XELA, ADEMAIS DE POETA E TRADUTORA, TAMÉN FOI PROFESORA, UNHA PEQUENA PROBA. ESTÁS PREPARAD@?

☉ En que ano ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega?



- a) 1986
- b) 1989
- c) 1999

☉ Que cres que é a Filoloxía?



- a) O estudo das linguas
- b) O estudo da saúde
- c) O estudo da natureza

☉ Que lingua cres que estuda a Filoloxía Hispánica?



- a) Chinés
- b) Alemán
- c) Lingua Castelá



PERO NON SÓ O ERA COMO ARTISTA, SENÓN NA SÚA VIDA TAMÉN, POIS, COMO CALQUERA NAI, COMPAXINABA O TRABALLO COS COIDADOS DO SEU FILLO. ORDENA AS PALABRAS PARA CONSEGUIR UN VERSO DE "DARÍO A DIARIO". E LOGO ESCRIBE O NOME DO NENO.

SON

E

TI.

COMA

NINGÚN

TÓDOLOS


TU

BEBÉS

NOME DO NENO:



E ENTRE TANTO XOGO, ACTIVIDADE E PROBA... QUERES UNHA SORPRESA?
PASA UN LECTOR DE CÓDIGOS QR POLO CADRADO E DISFRUTA.





4º EDUCACIÓN PRIMARIA



CABECIÑA INQUIETA, LIST@ PARA POÑERLLE SOLUCIÓN A ESTE XEROGLÍFICO? ESCRIBE A RESPOSTA NA LIÑA DE PUNTOS. DESPOIS INDAGA UN POUCO NA VIDA DE XELA E CONTESTA AS SEGUINTE PREGUNTAS.



XEROGLÍFICO

5

XANEIRO

Sétima letra

4º vogal

Sabes onde morreu Xela? _____



Onde pasou os últimos anos Xela Arias? Poderías situalo no mapa?








SABEMOS QUE XELA ERA UNHA ARTISTA POLIFACÉTICA QUE COQUETEOU COA MÚSICA. COLLE UN XILÓFONO OU UNHA CLAVE, ABRE O TEU CORAZÓN E VIVE ESTA OBRA INSPIRADA NELA. SE PRECISAS AXUDA, CHAMA @ PROFE DE MÚSICA QUE LLE ENCANTARÁ O TEU INTERESE.


Xela Arias

Julia Saco

Musical score for Xela Arias by Julia Saco. The score is in 2/4 time and consists of three staves: Xilófono 1, Xilófono 2, and Claves. The tempo is marked as quarter note = 55. The music is written in treble clef for the xylophones and a C-clef for the claves.



PECHA OS OLLOS E SINTE. QUE CHE TRANSMITIU? CÓNTANOLO NAS SEGUINTE LIÑAS.



5º EDUCACIÓN PRIMARIA



DESCUBRE AS PALABRAS AGOCHADAS NESTA SOPA DE LETRAS. ESTÁN TODAS RELACIONADAS COAS OBRAS POÉTICAS DE XELA.

INTEMPÉRIOME

EQUILIBRIO

DENUNCIA

CABALOS


REUNIDA

DIARIO

TIGRES

POESÍA

DARÍO




POR QUE NON TE METES NA PEL DE XELA, ACTIVAS A IMAXINACIÓN E A CREATIVIDADE, E DEBUXAS UN TIGRE COMO UN CABALO? COMO SE PODERÍA CHAMAR ESE ANIMAL?



BUSCA O CAMIÑO QUE TE LEVA Á RESPONSTA CORRECTA.

EN QUE ANO SE PUBLICOU "DARÍO A DIARIO"?



1993


1996

1883

1888



ESTA É A PORTADA DE "DARÍO A DIARIO", COA FOTO DO SEU PROPIO FILLO. FIXÉMOSLLE UNS CAMBIOS, 7 DIFERENZAS. BÚSCAAS. ASÍ DE SINXELO!




LENDO OS VERSOS DE "DARÍO A DIARIO", QUE CRES QUE FOI PARA XELA A MATERNIDADE?



ESTE ENCRUCILLADO ÉCHE MOI POÉTICO. UN PEQUENO HOMENAXE Á ARTE DE XELA. ANÍMATE A FACELO!

HORIZONTAIS:

1. Última obra de poesía publicada antes do falecemento de Xela.
3. Animal que representa para Xela a liberdade.
5. Signos ortográficos que Xela apenas emprega nas súas primeiras obras.
- 10: Tema predominante nas súas obras.



VERTICAIS:







2. Fotos que abundan na segunda obra de Xela.
4. Animal que aparece nun dos títulos das obras de Xela.
6. Número de obras escritas e publicadas por Xela.
7. Nome do fillo de Xela Arias.
8. Cousa coa que Xela compara o amor.



6º EDUCACIÓN PRIMARIA



E PARA REMATAR NON CHO ÍAMOS POÑER FÁCIL! UN MOSAICO, UN POUCO DE INVESTIGACIÓN E PISTAS QUE UNIR.

	2º Poeta das Letras Galegas.		O seu fillo chámase Dario.
			Fixo do Courel o seu universo vital.
	Naceu en Monforte de Lemos	Casada con Manuel Mugaia.	A casa de Hortas en Outeiro de Rey

QUE É O DÍA DAS LETRAS GALEGAS? QUE SE CELEBRA? QUEN É ROSALÍA DE CASTRO? A CANTAS MULLERES SE LLES ADICOU? INVESTIGA E CONTESTA A ESTAS PREGUNTAS NUN PEQUENO PARÁGRAFO.

(Na seguinte ligazón podes escoitar un poema dedicado a Rosalía, recitado pola mesma Xela:

<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=18>)



NON NON... NON FRÉGUELOS OLLOS, NON CHE ESTÁN FALLANDO, ESTA IMAXE ESTÁ DISTORSIONADA. ADIVIÑA A QUE PORTADA DE QUE OBRA POÉTICA DE XELA PERTENCE?



DEIXAMOS XA PARA REMATAR, UNHA PEQUENA HOMENAXE D@S NOS@S ALUMN@S Á SÚA PRIMEIRA PRODUCCIÓN "A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA".


PASA O LECTOR DE CÓDIGOS QR POLO RECADRO E PON ATENCIÓN.

AGORA... INVITÁMOSTE NA ÚLTIMA PÁXINA A DEIXAR VOAR A TÚA IMAXINACIÓN TAMÉN CREANDO O TEU PROPIO CONTO CON ESE TÍTULO.





A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E
A FRAGA LEOPARDICIA





A maiores, deixamos todas estas ligazóns das actividades que ciframos en cada un dos códigos QR dos nosos carteis.

CARTEL 1

<https://drive.google.com/file/d/1Q1EV8Dd6g3kZwKTvCUI3K3Hm-EIP2BNk/view>

CARTEL 2

<https://view.genial.ly/6019c06a1a2eeb0d6fefda62/game-xela-arias>
<https://view.genial.ly/601bf9b4eb4c540d10a8f471/game-memory-xela>

CARTEL 3

<https://view.genial.ly/601e78ef29bf470d0dee3ad4/learning-experience-challenges-xela-arias>

CARTEL 4

https://es.educaplay.com/recursos-educativos/8264491-a_poesia_de_xela_arias.html

CARTEL 5

<https://drive.google.com/drive/folders/1m58xgZLSEwk9O71NG8mNA3sV-LKN9x-p>

CARTEL 6

Todos os bebés son tu e ningún coma ti (galego):

<http://youtu.be/kuj4no7WBmA>

Todos los bebés son tú (castelán):

<http://youtu.be/t8LH6t1PmM8>

Imos camiñando (galego):

<http://youtu.be/GJZTEI086JQ>

Caminemos por aquí (castelán)

<http://youtu.be/DuD2GFiweQc>

Quijote (castelán):

<http://youtu.be/3BxsNQFKOOw>

O Quixote (galego):

<http://youtu.be/nKAvL93wb5U>

Home abandónate amor (galego):

<http://youtu.be/kx7rg8dG3og>

Hoy me estoy abandonando (castelán):

<http://youtu.be/HR52p9fy4hA>

CARTEL 7

<https://view.genial.ly/601a9bbee5d46a0d6e4ba6bf/video-presentation-premios-e-conmemoracions-xela-arias>

CARTEL 8

<https://es.educaplay.com/recursos-educativos/8306892-dario-a-diario.html>

https://www.youtube.com/watch?v=U_zFq8xLTRo&t=18s

CARTEL 9

https://drive.google.com/drive/folders/1LMCCe_FFYXSO2nFyl59mT7xOyb6fP51R

CARTEL 10

<https://drive.google.com/file/d/1KIkvjhmH89soysmQ0Yl8ohy8c5SSeWki/view>



BIBLIOGRAFÍA

ARIAS CASTAÑO, X (1986) Denuncia do equilibrio. Edicións Xerais

ARIAS CASTAÑO, X. (1990) Tigres coma cabalos. Xerais

ARIAS CASTAÑO, X. (1996) Darío a diario. Edicións Xerais

ARIAS CASTAÑO, X. (2003) Intempériome. Espiral Maior

ARIAS CASTAÑO, X. (1986-2004) Xela Arias. Poesía Reunida. Xerais

ARIAS LÓPEZ, V. (2004) Xela, quedas en nós. Xerais e AELG

ARIAS LÓPEZ, V. (1968) Xeliña fala galego

ARIAS CASTAÑO, X. (1986) Contos ao teléfono, de Gianni Rodari. Editorial Juventud

ARIAS CASTAÑO, X. (1987) O bosque animado, de Wenceslao Fernández Flórez. Xerais.

ARIAS CASTAÑO, X. (1989) As bruxas, de Roald Dahl. Xerais

VVAA (1990) O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha, de Cervantes. Xuntanza

ARIAS CASTAÑO, X. (2000) Drácula, de Bram Stoker. Xerais



WEBGRAFÍA

- <https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=traductores&id=101921#>
- <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=18>
- https://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/id/111460
- <https://portaldaspalabras.gal/lexico/mira-que-din/xelina-fala-galego-precursor-do-multilinguismo/>
- <https://academia.gal/documents/10157/1421021/Xeli%C3%B1a-fala-galego.pdf>
- <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/xela-arias/paratextos/7767/unha-francotiradora>
- <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/xela-arias/paratextos/6832/xela-arias-serse-intempestiva>
- <https://bretemas.gal/cartografias-de-xela-arias/>
- <https://www.aelg.gal/actividades/outras-actividades/2014/3/11/homenaxe-a-xela-arias>
- https://gl.wikipedia.org/wiki/Xela_Arias



CEIP JUAN REY - LOURENZÁ